



## MOCIÓN PARA A RECUPERACIÓN DOS TERREOS DO ANTIGO CAMPO DE FÚTBOL NO VALADO, PARROQUIA DE BARCIELA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios anos un terreo de aproximadamente 7.500 metros cadrados situado nas proximidades do lugar do Valado, na parroquia da Barciela, permanece na súa maior parte en estado de abandono, cheo de silvas e xestas. O lugar chama a atención desde lonxe pola existencia de catro altas torres de iluminación enferruxadas que testemuñan o seu antigo uso como campo de fútbol. Era o popularmente coñecido como "Catro Ventos", onde xogaba o equipo de Sigüeiro ata que o Concello de Oroso construíu unhas novas instalacións no seu propio termo municipal.

Co paso dos anos e a falta de actividade, o terreo da Barciela foi converténdose nun mato no que hoxe, ademais das citadas torres de iluminación, apenas se distingue unha das porterías, case engulida pola vexetación, e as ruinosas instalacións que noutro foron vestiarios e almacén, tal e como se pode apreciar no anexo fotográfico que se acompaña. Unicamente unha pequena franxa de terreo mostra sinais de unha mínima atención, probablemente por parte dalgunha persoa veciña que obtén algún beneficio.

Nunha recente estadía nas proximidades deste lugar, varios veciños fixéronos chegar a súa preocupación polo abandono que presenta e a mágoa de non darlle unha utilidade a este terreo, tendo en conta a súa cualificación urbanística –figura como "equipamento" no vixente PXOM- e a súa situación, rodeado en dous dos seus laterais por unha pista asfaltada pola que discorre o Camiño Inglés a Santiago.

Pola información que dispoñemos, este terreo é de propiedade particular (ao parecer foi cedido ao seu día ao equipo de fútbol de Sigüeiro), polo que calquera actuación inicialmente corresponderíalle, loxicamente, aos seus lexítimos propietarios.

Todos estas razóns lévannos a presentar, para a súa consideración polo conxunto da Corporación, a adopción do seguinte



## ACORDO

***Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se contacte coa persoa ou entidade propietaria da citada parcela situada na Barciela, que noutro tempo se utilizou como campo de fútbol e que hoxe permanece abandonada, a fin de acadar a súa limpeza, sen renunciar á posibilidade de establecer algún convenio ou acordo para o seu acondicionamento e a obtención dun uso público desa superficie en beneficio da veciñanza.***

Santiago de Compostela, a 8 de outubro de 2018

Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

## ANEXO FOTOGRÁFICO



Acceso á parcela do vello campo de fútbol



A única portería que aínda se pode ver hoxe no campo



Desde o que foi centro do terreo de xogo, a estacada posterior indica o emprazamento da outra portería



A maleza oculta boa parte da edificación cos vestiarios e o almacén, así como unha das catro torres de iluminación